

INSTRUCCIÓN N.º 16/2012 DA SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE A INTERPRETACIÓN DOS REQUISITOS DE ACREDITACIÓN DO NIVEL DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL

A Convocatoria das probas para o acceso ás ensinanzas universitarias de maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral, aprobada por Resolución Reitoral de 18 de abril de 2012, estableceu no seu artigo 2.c) como requisito necesario “...a das acreditacións oficiais de unidades de competencia e niveis expedidas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa”. O dito documento podería presentarse polos alumnos/as antes da finalización do período ordinario de matrícula.

Varios alumnos/as presentaron recurso alegando a imposibilidade de obter este documento. Non obstante, e dado que non se cumpriron todos os requisitos da convocatoria, as matrículas foron anuladas.

Pola súa parte, o asesor da Dirección Xeral de Educación, F.P. e Innovación Educativa remitiu informe sobre a esixencia de este requisito como acreditativo da experiencia laboral perante as solicitudes dos alumnos que esixían o documento establecido na convocatoria na Xunta de Galicia.

Neste senso a situación debateuse na *Comisión de coordinación, xestión e oferta* do día 23 de novembro de 2012, que entendeu que os sistemas de acreditación do nivel esixido nas memorias de grao poden ser:

- a) Por acreditación de estudos (FP).
- b) Por acreditación da autoridade laboral por cursos de capacitación.
- c) Por probas específicas de capacitación.

Sen embargo, a convocatoria só recolle un dos supostos (probas de capacitación), e ademais non se convocaron as correspondentes a todas as familias profesionais, polo que o requisito establecido na convocatoria é de imposible cumprimento na meirande parte dos casos.

Neste senso, procede interpretar, de acordo á normativa, a convocatoria de maiores de 40 anos.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral emite a seguinte Instrución:

UNICA.-

A referencia do artigo 2.c) da Resolución Reitoral de 18 de abril de 2012 pola que se convocan as probas de maiores de 40 anos, no senso de esixir unicamente “*as acreditacións oficiais de unidades de competencia e niveis expedidas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*”, debe entenderse como unha das posibilidades de acreditación da cualificación profesional esixida nas memorias dos títulos de grao. Non obstante o anterior, este documento non é o único sistema de acreditación do nivel de cualificación profesional, e este nivel poderá acreditarse, e será válido a efectos da convocatoria, do seguinte xeito:


- Por acreditación de estudos (FP).
- Por acreditación da autoridade laboral mediante cursos de capacitación.
- Por probas específicas de capacitación.

No caso de que a autoridade educativa ou laboral non convocara probas específicas ou cursos de acreditación do nivel de cualificación profesional, a acreditación da experiencia e do nivel de cualificación profesional, deberá facerse a través do proceso selectivo de maiores de 40 anos que convoque a Universidade anualmente. O Tribunal valorará a experiencia profesional adecuada ao nivel esixido polas memorias dos títulos conforme ao establecido no *Regulamento de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para as persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral*. Neste suposto, entenderase que o alumnado reúne estes requisitos no caso de superar o proceso selectivo establecido.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2012



A secretaria xeral


Lourdes Noya Ferreiro